



Confederación Intersindical Galega
ENSINO

iNFORMA

MARZO 2010

www.cig-ensino.com

A actitude sectaria e prepotente de CCOO impide o avance nas negociacións do XIII Convenio Colectivo de centros de atención a persoas con discapacidade

Logo da constitución da Mesa de Negociación do XIII Convenio Colectivo Estatal de Centros de Atención a Persoas con Discapacidade, o día 2 de outubro de 2007 (xa pasaron nada menos que 29 meses), este proceso de negociación foi un cúmulo de despropósitos, incumprimentos, faltas de respecto e suplantación das canles normais de negociación por CCOO, pola parte sindical e de AEDIS-FEACEM, pola parte patronal: convocatorias e desconvocatorias de ata oito reunións, de xeito unilateral e inxustificadas, como xa temos denunciado, máis dun ano nunha situación de paralización total das negociacións, reunións e negociacións por parte desas dúas organizacións á marxe da Mesa e das outras organizacións nelas representadas, etc.

Veñen sendo unha constante os rumores de que xa estaba asinado o convenio por parte de delegad@s e cuadros sindicais de CCOO nos centros de traballo deste sector (xa se escoitaron no verán de 2008 eses rumores de acordo), e ata se difundiron copias do texto que, supostamente, estaba asinado.

Tamén chama a atención o silencio e inhibición de FETE-UGT durante esta última etapa, que parece máis preocupada por "entrar no grupo dos elixidos" do que tamén estaba excluído, que en denunciar esta situación esperpéntica.

Pero se todo isto resulta indignante, e así



o vimos denunciando. Se desde a CIG-Ensinno pasamos páxina a estes capítulos e dabamos por ben vida a que pensabamos que era unha recondución e recuperación das negociacións no pasado mes de novembro de 2009, agora temos que informar ao persoal de todos estes centros de que, unha vez máis, pola insistencia en negociar á marxe da Mesa e a incapacidade de chegar a acordo, atopámonos diante dun novo capítulo de despropósitos. Tanto é así que, logo de varios meses sen convocatoria (e con negociacións ocultas), recibimos unha citación para o SIMA (Servizo Interconfederal de Mediación e Arbitraje) diante dun procedemento promovido por CCOO para o día 23 de marzo, no que se lles emplazou a corrixir esas prácticas e negociar na Mesa, ao mesmo tempo

que se nos remite pola Presidencia da Mesa (que ostenta AEDIS-FEACEM) unha convocatoria de reunión para o día 25 de marzo. Convocatoria de CCOO rexeita nun primeiro momento (polo proceso que iniciara no SIMA) e ao que finalmente se suma, quedando finalmente aprazada para o 9 de abril. En definitiva, unha vez máis, saltanse todas as regras de xogo e o resto de organizacións non sabemos a que aternos con este tipo de actitudes que parecen unha burla máis, tanto para as propias organizacións, como para aqueles colectivos aos que representamos, como para o conxunto de traballadores e traballadoras e a negociación colectiva en si mesma.

Desde logo, estamos seguros de que, se aplica os mesmos criterios que aplicou noutros Convenios recentemente asinados (o de Educación Infantil é un exemplo), máis vale que non estea asinado porque, se xa é ridícula a suba salarial contemplada no pacto que asinaron coa mediación do goberno central eles e a UGT coas patronais, nese caso a suba salarial nen sequera acadou ese ridículo 1%, quedándose no 0,8%. Se o novo convenio sae da proposta presentada por CCOO, que máis parece unha tese doctoral que un convenio, pola súa extensión (nada menos que 218 páxinas), poucas ou nulas van ser as melloras que vai ter o persoal nos temas verdadeiramente sustanciais: condicións de traballo e salarios. Moita literatura e números cativos no que respecta aos salarios: CCOO propón unha suba do 2% para o 2008 e do 1% para o 2009, 2010 e 2011; e grandes no que respecta a xornada, que non se modifica (marcan u tope de 45 h. semanais).

Desde a CIG-Ensino faremos o posible para que o sector teña un novo convenio que supoña avances con respecto ao actual, seguiremos denunciando este tipo de prácticas e, sobre todo, intentaremos unha vez máis acadar o obxectivo que desde hai tempo vimos reclamando: A NEGOCIACIÓN DUN CONVENIO PROPIO GALEGO PARA ESTES CENTROS. Porque sempre defendimos a negociación colectiva no noso país e porque cremos que, neste caso máis ca nunca, é a única saída para acadar melloras nas condicións laborais e salariais do persoal. Xa demos algúns pasos para tratar de acadar este obxectivo levando a iniciativa tanto coa Administración Galega (daquela co goberno bipartito) coa que mantivemos entrevistas nesta dirección, como coas patronais do sector, ás que nos diriximos para emplazalas a comezar as negociacións. O cambio de goberno na Xunta de Galiza, agora en mans do PP, paralizou as xestións e aínda a día de hoxe estamos agardando ser recibidos pola Conselleira para plantexarlle este asunto que lle trasladamos desde o comezo da lexislatura.

A CIG-Ensino, sindicato maioritario neste sector en Galiza, non vai renunciar a este obxectivo que seguiremos intentando, xa non só pola defensa dos traballadores e traballadoras, senón tamén polo mantemento duns servizos de calidade que, co recorte presupostario que lle está a aplicar este novo goberno, pode verse mermado. Razón esta pola que contamos ter tamén, nesta ocasión, o apoio dunhas patronais, na súa maioría sen ánimo de lucro, nestas demandas.

Os nosos locais

Santiago (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.
Santiago de Compostela. cp.15706.
Tlf. 981576800 Fax. 981575839
santiago@cig-ensino.com

A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n
Tlf. 981169810 Fax. 981291735
15007. A Coruña
acorunha@cig-ensino.com

Baixo Miño

Praza da Guía 3, baixo
36780. A Guarda
Tlf. 986610465 Fax. 986610465
baixominho@cig-ensino.com

Morrazo

Rúa Atranco 19A, ench. 1
36947. Cangas
Tlf. 986302987 Fax. 986302987
morrazo@cig-ensino.com

Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,
15403. Ferrol
Tlf. 981358750 Fax. 981358760
ferrol@cig-ensino.com

Lugo

Rda da Muralla 58, bxo.
27003. Lugo
Tlf. 982245023 Fax. 982253891
e-mail: lugo@cig-ensino.com

Ourense

P. de San Lázaro 12, 4º
32003. Ourense
Tlf. 988238350 Fax. 988222855
ourense@cig-ensino.com

Pontevedra

R. Pasantería 1, 2ºesq.
36002. Pontevedra
Tlf. 986861513 Fax. 986855050
pontevedra@cig-ensino.com

A Mariña

27700. Ribadeo
Avda de Galicia 20, 1º
Tlf. 982129593 Fax. 982129593
amarinha@cig-ensino.com

Val de Monterrei

R. Pedro González 5, 1º
32600. Verín
Tlf. 988412345 Fax. 988411013
verin@cig-ensino.com

Vigo

R. Gregório Espino 47, bxo.
36205. Vigo
Tlf. 986827935 Fax. 986262844
vigo@cig-ensino.com

Salnés

R. Alexandre Bóveda 2, 2º
36600. Vilagarcía
Tlf. 986505323 Fax. 986505323
salnes@cig-ensino.com